

COMUNICADO DE PRENSA DA COORDINADORA PROVINCIAL CONTRA A CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA DE PONTEVEDRA. 12.11.08

PETICIÓN DE ENTREVISTA AO MINISTRO DE INDUSTRIA PARA CAMBIAR A “OBSOLETA” NORMATIVA ESTATAL (REGULADORA DAS ANTENAS DE TELEFONÍA MÓBIL) CRITICADA ATA POLO PROPIO PARLAMENTO EUROPEO

A **Coordinadora Provincial contra a Contaminación Electromagnética de Pontevedra** forma parte das máis de **50 organizacións de todo o estado** (do ámbito veciñal, ecoloxista, colectivos de afectados, ANPAS,...) que acaban de presentar no Ministerio de Industria en Madrid, unha petición de entrevista co ministro.

Na petición menciónase a recente resolución do [Parlamento Europeo de 4 de setembro de 2008](#) ... *“onde o 97 % dos parlamentarios asumían as indicacións sinaladas polo informe independente (e avalado pola Axencia Europea de Medio Ambiente) BioInitiative Report, requirindo a aplicación do Principio de Precaución, mediante o desenvolvemento de novas lexislacións (de todos os niveis da administración) que superen os **OBSOLETOS LÍMITES DE EXPOSICIÓN ACTUAIS**, xa que estes **NON** garanten a protección, especialmente da poboación coñecida como sensíbel (Mulleres embarazadas, recentemente nados, nenos e persoas maiores, ademais de enfermos en xeral).*

“Resulta incongruente que vostede lance unha campaña de man da industria para favorecer economicamente aos concellos que aproben máis antenas etc... contradicindo as propostas lexislativas europeas e resulta moi lamentable Sr. Ministro prescindir dos criterios científicos de máis de 1.500 estudos que advirten de graves riscos para a saúde pola exposición continuada a radiacións electromagnéticas excesivas, feito que se produce facilmente ao redor de escolas e fogares”.

*“A sociedade civil do estado español está mobilizada desde que ocorreron en Valladolid os graves feitos de electrocontaminación na escola García Quintana e unha multitude de organizacións súmanse para pedirlle **CON CARÁCTER DE URXENCIA** unha reunión con vostede”.*

A **Coordinadora contra a contaminación electromagnética da provincia de Pontevedra** que comezou a xestarse en xuño deste ano (aglutinando a asociación veciñais, de afectados, ecoloxistas, de nais e pais,..), ante a desordenada proliferación de antenas de telefonía móbil nas nosas cidades, SOLICITA dende a súa constitución:

- **Ao ministerio de Industria** que se revise de forma urxente o RD 1066/2001, que establece os límites de protección para as emisións das antenas, que se aplique una moratoria na concesión de licenzas ata que se revisen estes límites, e que sitúe as antenas a unha distancia superior a 400 metros de calquera punto habitado ao obxecto de facer converxer dous intereses en conflito: o do desenvolvemento da sociedade da información e o prioritario da saúde da poboación.

Áo goberno galego e aos concellos a aplicar o principio de cautela en resposta aos informes científicos que advirten sobre os posibles danos á saúde que leva o uso destas tecnoloxías, especialmente ás persoas expostas as 24 horas do día ás radiacións de microondas, **cunhas potencias que non garanten a saúde pública.**

COORDINADORA PROVINCIAL CONTRA A CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA DE PONTEVEDRA:

Asociación de Nais e Pais “Pardo Bazán” do CEIP Froebel (Pontevedra)
Asociación Veciñal A Paz (Vigo)
Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello (Vigo)
Asociación de Veciños de Chapela (Redondela)
Asociación Veciñal Doutor Fleming (Vigo)
Asociación de Veciños de Teis (Vigo)
Asociación Veciñal Val Do Fragoso (Vigo)
Asociación de Veciños San Roque (Vigo)
Asociación Pedra Choco (Cangas)
Asociación Pola Defensa Da Ría (Pontevedra)
Centro Veciñal e Cultural de Valadares (Vigo)
Colectivo de Afectados Pola Antena de Rosalía de Castro 45-47 (Pontevedra)
Colectivo de Afectados Pola Antena de José Casal 10 (Pontevedra)
Colectivo de Afectados Pola Electrocontaminación de As Barxas (Moaña)
Colectivo de Afectados Pola Electrocontaminación de Santa Lucía (Moraña)
Federación de Asociacións de Veciños Castelao (Pontevedra)
Luita Verde (Morrazo).